

DÍA DA CIENCIA EN GALICIA 2016

Ignacio Ribas Marqués

I Premio Galicia de Xornalismo Científico

PROGRAMA

Benvida e apertura do acto

Video homenaxe antigos alumnos

Conferencia

**"Ignacio Ribas, Fundador da Escola Galega de
Química Orgánica"**

Prof. Luis Castedo Expósito

Catedrático de Química Orgánica. USC

Entrega I Premio Galicia de Xornalismo Científico

Intervención do Presidente da RAGC.

Prof. Dr. D. Miguel Ángel Ríos Fernández

Peche do acto



REAL ACADEMIA
GALEGA DE CIENCIAS



Ignacio Ribas Marqués


I Premio Galicia de Xornalismo Científico



Fundación Barrié



Aula Magna
Facultade de Química da USC
Santiago de Compostela



IGNACIO RIBAS MARQUÉS

D. Ignacio Ribas Marqués naceu no ano 1901, en Palma de Mallorca, onde cursou os estudos de bacharelato no Instituto Ramón Llull. En 1921 obtivo o Título de Licenciado en Ciencias Químicas na Universidade de Valencia, con premio extraordinario. Iniciou logo a súa formación en investigación na Universidade Central de Madrid coa realización da súa tese doutoral baixo a dirección de D. Antonio Madinaveitia, que, presentada en 1925, foi recoñecida tamén co premio extraordinario de doutoramento.

Bolseiro pola Junta para la Ampliación de Estudios (JAE) desprazouse ao Instituto Pasteur de París onde ampliou estudos baixo a supervisión do profesor Ernest Fourneau.

Tras o seu paso pola Facultade de Ciencias da Universidade de Madrid como profesor auxiliar de Química Orgánica, en 1928 gañou a oposición á cátedra de Química Orgánica da Facultade de Ciencias da Universidade de Salamanca, na que permaneceu ata febreiro de 1941. Durante ese período realizou unha estancia en Viena co Prof. Ernest Spëthy e visitou os laboratorios máis importantes de Europa.

A pesar do seu recoñecido prestixio, razóns de tipo político impedíronlle acceder á cátedra de Química Orgánica da Universidade de Valencia e desde novembro de 1942 pasou a ocupar a cátedra de Química Orgánica y Bioquímica da Universidade de Santiago, na que permaneceu ata a súa xubilación en 1971.

Xa desde Galicia, levou a cabo unha estancia no Instituto de Patoloxía da Western Reserve University de Cleveland (Ohio, USA), ocupou o Decanato da Facultade de Ciencias; foi nomeado xefe da Sección de Química Orgánica do Instituto Alonso Barba do CSIC na Universidade de Santiago; foi nomeado membro do Patronato

da Misión Biológica de Galicia; foi conselleiro adxunto do Patronato Alfonso X El Sabio do CSIC e presidente da sección galega da Real Sociedad Española de Física e Química (RSEQ); entre outros cargos.

Home de espírito libre, traballador empedernido e esixente, desenvolveu en Galicia a maior parte da súa actividade profesional, orientando a súa investigación ao estudo de produtos naturais existentes en distintas especies vexetais galegas, como a cortiza e os alcaloides. A algúns dos alcaloides púsolles o nome de cidas galegas, como, santiaguina, coruñesina, orensina, pontevedrina. Dirixiu 68 teses doutorais e publicou 157 traballos científicos. Como parte da súa obra formou a moitos doutores e creou en Santiago unha prestixiosa escola de Química dos Productos Naturais.

Ao longo da súa vida destacou a importancia da investigación para a docencia universitaria e para o desenvolvemento industrial e socioeconómico do país. Así, no discurso de apertura do curso pronunciado en Salamanca, en 1930, á vez que criticaba duramente a situación das universidades, defendía que a investigación era o mellor método de ensino da química e ademais afirmaba: «donde hay mucha ciencia, hay mucha industria [...] los países que carecen de ciencia, no tienen industria: son pobres [...] viven una vida moral y material mediocre; en lo moral, son esclavos de los prejuicios que engendra la ignorancia; en lo material, viven sometidos a los poderosos». O Prof. Ribas practicou unha das formas máis interesantes de transferencia de tecnoloxía: formou moitos doutores e enviounos á industria.

Despois dunha intensa traxectoria profesional, D. Ignacio Ribas Marqués, un ilustre galego de adopción, faleceu en Santiago de Compostela en 1996, tras 54 anos de vida en Galicia.

Como non podía ser doutro xeito, a súa inxente obra foi recoñecida con numerosas distincións, entre outras: a Gran Cruz da Orde Civil de Alfonso X o Sabio, a Medalla de Oro da Universidade de Salamanca, o Premio de Ciencias do CSIC (1972), o Doutoramento Honoris Causa pola Universitat de Illes Illes Balears, o Premio Xunta de Galicia de Investigación, o nomeamento de Fillo Adoptivo e Medalla ao Mérito Cultural de Santiago de Compostela e a Medalla Castelao da Xunta de Galicia (1991). O Colexio Oficial de Químicos de Galicia creou en 2002 o Premio Ignacio Ribas Marqués para distinguir aos traballos de innovación e divulgación científico-técnica no campo da química.

Este ano 2016, no que se celebra o 20 aniversario do seu falecemento, a Real Academia Galega de Ciencias proclamouno Científico Galego do ano co desexo de que Galicia enteira únase á súa obra, para proclamar, con el, a importancia da ciencia e a tecnoloxía, co motivo da celebración do Día da Ciencia en Galicia. O Prof. Ribas foi Académico fundador desta Real Academia.